



UNIVERSIDADE
DE VIGO

REGULAMENTO PARA ELIXIR A REPRESENTACIÓN DO ESTUDANTADO E DO PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS NO COMITÉ DE DIRECCIÓN DA ESCOLA INTERNACIONAL DE DOUTORAMENTO

(Aprobado pola comisión electoral o día 16-04-2015 e modificado o día 08-04-2016)

Artigo 1

1. A elección de representantes de estudantes de doutoramento e de persoal de administración e servizos no comité de dirección da Escola Internacional de Doutoramento da Universidade de Vigo (Eido) rexeráse polos Estatutos da Universidade de Vigo, polo Regulamento de réxime interno da Eido e polas normas contidas no presente regulamento.
2. A convocatoria de eleccións achegaráselles ao estudantado e ao persoal de administración e servizos que sexan membros da Eido. Toda a información relativa a estas eleccións deberá expoñerse nos taboleiros electorais da Secretaría Xeral e dos centros, así como na web da Universidade de Vigo (como mínimo nas seccións de Secretaría Xeral e da Eido).

Artigo 2

De acordo cos artigos 5 e 7 do Regulamento de réxime interno da Eido, son membros electos do comité de dirección, entre outros, os seguintes:

- a) Un/unha representante do persoal de administración e servizos referido no artigo 5 c) do Regulamento de réxime interno da Eido.
- b) Un/unha representante do estudantado de doutoramento por cada ámbito de coñecemento.

Artigo 3

1. A comisión electoral da Universidade de Vigo será a responsable do proceso electoral.
2. A comisión electoral é o órgano competente para resolver as cuestións e todas as reclamacións que se deriven das eleccións ás que se refire esta normativa.
3. Por razóns de urxencia, a presidencia da comisión electoral poderá convocar as persoas que forman parte dela, con vinte e catro horas de antelación; e indicarlles os asuntos ou as incidencias que se van tratar.

Artigo 4

1. O día fixado na convocatoria expóranse os censos provisionais nos taboleiros electorais da Secretaría Xeral e dos centros, así como na web da Universidade de Vigo.
2. Establecerase un prazo de reclamacións sobre admisións ou exclusións, que non poderá ser inferior a cinco días hábiles a partir da data de publicarse.
3. As reclamacións aos censos provisionais formularanse mediante un escrito razoado, que se dirixirá á presidencia da comisión electoral e que se presentará no rexistro.

4. Logo de rematar o período de reclamacións, a comisión electoral publicará o censo electoral definitivo.

Artigo 5

1. No comité de dirección da Eido os seguintes membros son electores e electoras para elixir representantes de estudantes:
 - a) Os/as estudantes matriculados nos programas de doutoramento regulados polo RD 99/2011 adscritos á Eido, que votarán de forma separada en cada un dos ámbitos vixentes na Eido (campus do mar, científico, humanístico, tecnolóxico e xurídico-social, e os que a Universidade de Vigo recoñeza con carácter xeral). O ámbito da elección será o do programa en que estean matriculados.
 - b) Os/as estudantes matriculados en programas de regulacións anteriores ata a extinción destes:
 - Para estudantes dos programas regulados polo RD 1393/2007 o ámbito de elección será o empregado pola axencia de avaliación na súa verificación.
2. A representación deberá renovarse cada dous anos. Se algún ámbito quedase sen representación de estudantes por ausencia de candidaturas, poderá elixirse novamente no curso seguinte. Se algún ou algunha representante perdese a condición de estudante, poderá ser substituído pola persoa suplente que corresponda segundo se describe no artigo 7.6. En calquera caso, a renovación deberá producirse ao mesmo tempo que nos demais ámbitos do sector de estudantes e no sector de persoal de administración e servizos (PAS).
3. Son electores e electoras para elixir representantes do persoal de administración e servizos no comité de dirección da Eido todo o persoal adscrito aos servizos administrativos que xestionan os estudos de doutoramento, agás a persoa responsable da unidade encargada de xestionar administrativamente as competencias da escola, que é membro nato.
4. A representación deberá renovarse cada dous anos. Se o sector de PAS quedase sen representación, poderá elixirse a súa representación no curso seguinte. En calquera caso, a renovación deberá producirse ao mesmo tempo que no sector de estudantes.

Artigo 6

Son elixibles todos os electores e electoras que presenten a súa candidatura de acordo co disposto nestas normas, e a comisión electoral os proclame candidatos ou candidatas de forma definitiva.

Artigo 7

1. A elección será por sufraxio universal, libre, igual, directa e secreta. Non se permitirá en ningún caso nin a delegación de voto, nin o voto anticipado, nin o voto por correo. Non obstante, de ser tecnicamente posible, habilitarase o sistema de voto electrónico.
2. Cada ámbito constituirá un sector para a elección de estudantes e elixirase un representante en cada ámbito. O sector de PAS tamén elixirá un representante.
3. Cada elector ou electora poderá votar por unha única persoa candidata.
4. As persoas candidatas que obteñan o maior número de votos en cada sector proclamaranse electas.

5. No caso de que dúas ou máis candidaturas obteñan o mesmo número de votos, daráselle preferencia na elección á candidatura do xénero menos representado no comité de dirección da Eido. Se este procedemento non resolve o empate, aplicarase como segundo criterio o seguinte:
 - a. No sector de PAS terá preferencia a candidatura de maior antigüidade na Universidade de Vigo. Para estes efectos computaranse os anos de servizo prestados na Universidade de Santiago de Compostela antes da segregación e nalgún dos campus da Universidade de Vigo.
 - b. No sector de estudantes terá preferencia a persoa adscrita, segundo o censo definitivo, ao campus menos representado no Comité de Dirección.No caso de igualdade neste segundo criterio proclamarase a persoa de maior idade.
6. Os candidatos e candidatas non elixidos quedarán como suplentes, na orde que corresponda aos votos recibidos e aos criterios de desempate citados no punto 5 e aplicados na dada da votación, para cubrir futuras baixas das candidaturas electas.

Artigo 8

1. A candidatura presentarase no rexistro xeral ou en calquera dos tres rexistros auxiliares da Universidade de Vigo.
2. O escrito en que se presente a candidatura deberá ir asinado polo candidato ou candidata e conterá os seguintes datos:
 - a) Nome, apelidos e fotocopia do DNI. No caso de que a candidatura sexa presentada por outra persoa, esta terá que identificarse e presentar tamén unha fotocopia do DNI correspondente.
 - b) Sector electoral polo que se presenta como candidato ou candidata.
 - c) Ámbito de coñecemento polo que se presenta a súa candidatura, no caso do estudantado.
 - d) Número de teléfono e enderezo electrónico.
3. As candidaturas serán individuais para os efectos de votación e escrutinio.
4. Os candidatos e candidatas poderanse identificar cun agrupamento co único obxecto de realizar a campaña electoral. Neste caso, indícarase a denominación e a sigla que identifique o seu agrupamento. No caso de coincidencia na denominación, sigla ou símbolo por parte de dous ou máis agrupacións distintas, daráselle preferencia á que teña antes a súa entrada no rexistro.

Artigo 9

1. Tras recibir as candidaturas presentadas, a comisión electoral efectuará a proclamación provisional de candidatos e candidatas, que se publicará no taboleiro electoral e na web da Universidade de Vigo.
2. No prazo fixado na convocatoria poderanse presentar reclamacións sobre exclusións, correccións de erros ou defectos nos rexistros indicados no artigo 8.1.
3. Unha vez transcorrido o devandito prazo, a comisión electoral proclamará a listaxe definitiva de candidatos e candidatas, a cal se publicará no taboleiro electoral da Secretaría Xeral e dos centros, así como na web da Universidade de Vigo.
4. Se nalgún sector houberse unha única persoa candidata, a comisión electoral poderá declarar concluído o proceso electoral nese sector.

Artigo 10

1. A campaña electoral comprenderá toda clase de actividades levadas a cabo polas candidatas e candidatos proclamados na Universidade de Vigo, co fin de captar sufraxios.
2. O director ou directora da Eido dará as facilidades pertinentes, sen que iso supoña a suspensión das actividades ordinarias.

Artigo 11

Preferentemente, e para maior eficiencia, tenderase a que a elección coincida con outros procesos electorais da Universidade de Vigo que afecten aos mesmos sectores (estudantes e PAS). Neste caso a constitución da mesa e todo o procedemento subseguinte se regulará polas normas da elección de que se trate. Cando non sexa posible esta coincidencia, a Comisión electoral regulará o procedemento.

Artigo 12

1. A votación terá lugar o día precisado na convocatoria, que tamén fixará o horario establecido para esta.
2. No caso de ser tecnicamente posible, a votación realizarase de forma electrónica mediante a plataforma e as instrucións que se anunciarán coa convocatoria electoral. De non ser tecnicamente posible o voto electrónico, a votación desenvolverase de forma presencial mediante papeletas e urnas.

Artigo 13

No momento da constitución, quen presida a mesa ou mesas electorais redactará a acta da constitución. Nesta indicarase o nome de todas as persoas que compoñen a mesa, farase constar en quen recae a función de secretario ou secretaria e será asinada por todas elas.

Artigo 14

1. No caso de votación electrónica, o elector/a identificarase de forma electrónica na plataforma en liña utilizada para votar segundo as instrucións específicas que se indicarán na convocatoria. Unha vez identificada a persoa electora na plataforma, emitirá o seu voto segundo as instrucións específicas do voto electrónico.
2. De non ser tecnicamente posible o voto electrónico, o elector ou electora identificarase perante a mesa electoral co DNI, pasaporte, carné de conducir ou documento identificador normalizado da Universidade de Vigo. A mesa comprobará a súa inclusión no censo electoral e deseguido o elector ou electora emitirá o seu voto.

Artigo 15

1. As papeletas de votación serán electrónicas ou, de ser o caso, impresas.
2. Os nomes dos candidatos e candidatas proclamados figurarán na papeleta por orde alfabética, tras o sorteo por parte da comisión electoral da letra pola que debe comezar a relación.

3. O nome de cada candidato e candidata irá precedido dun recadro onde cada elector ou electora sinalará cunha cruz a candidatura á que lle outorgue o seu voto.
4. A carón do nome do candidato ou candidata figurará a sigla de identificación do agrupamento prevista no artigo 8.4, de solicitálo así ao formalizar a súa candidatura.

Artigo 16

1. Unha vez rematada a votación, a presidencia da mesa iniciará o acto do escrutinio, que será público e contará co apoio técnico para o recuento informático dos sufraxios.
2. Redactarase a correspondente acta por duplicado detallando os votos válidos, en branco ou nulos.
3. Consideraranse nulos os sufraxios en que figuren sinalados maior número de candidatos ou candidatas dos que corresponda votar.
4. Para cada sector electoral constatarán por separado as alegacións, se é o caso, as cales se engadirán á acta. No caso de votación electrónica, ao día seguinte publicarase a listaxe de recibos xustificantes de voto, onde se poderá verificar se todos os votos se tiveron en conta no recuento final.
5. As persoas que compoñen a mesa deberán asinar cada acta. Un exemplar publicarase no taboleiro electoral da Secretaría Xeral e dos centros, así como na web da Universidade de Vigo.
6. Logo de rematar o escrutinio, a presidencia da mesa entregalle á presidencia da comisión electoral as actas do escrutinio.

Artigo 17

1. Tras recibir as actas, a comisión electoral publicará provisionalmente os candidatos e candidatas electos.
2. Unha vez proclamados de xeito provisional os candidatos e candidatas electos, abrirase un prazo de polo menos dous días hábiles para presentar reclamacións no rexistro.
3. Logo de resolver as reclamacións, a comisión electoral, a través do seu presidente ou presidenta, comunicalle o resultado definitivo das eleccións á dirección da EIDO. O resultado publicarase no taboleiro electoral da Secretaría Xeral e dos centros, e na web da Universidade de Vigo.

ELECCIÓN DE REPRESENTANTES DO ESTUDANTADO DE DOUTARAMENTO E DO PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS (PAS) NO COMITÉ DE DIRECCIÓN DA ESCOLA INTERNACIONAL DE DOUTORAMENTO (EIDO)

CANDIDATURA

Don/Dona

con DNI* _____

Para candidatura no sector PAS:

Posto: _____

Centro/Servizo: _____

Para candidatura nos sectores de estudantes:

Programa de doutoramento

Ámbito (sinale o que corresponda ao programa ou departamento):

Campus do mar

Científico

Humanidades

Tecnolóxico

Xurídico-social

Teléfono/Enderezo electrónico: _____

(Opcional) Desexo que a miña candidatura figure baixo a agrupación e as siglas seguintes:

_____, _____ de _____ de 2016

Asdo: _____

*De acordo co artigo 8 do Regulamento para elixir a representación do estudantado de doutoramento e do persoal de administración e servizos (PAS) no comité de dirección da Eido, cómpre achegar unha fotocopia do DNI xunto coa candidatura. No caso de que a candidatura a presente outra persoa, esta terase que identificar e presentar tamén unha fotocopia do seu DNI. A candidatura presentarase no rexistro.

SR/SRA. PRESIDENTE/A DA COMISIÓN ELECTORAL